

MINISTRO XUDEU DO GOBERNO DE SUDÁFRICA CHAMA A BOICOTEAR A ISRAEL

Ronnie Kasrlis, Minister of Water Affairs and Forestry, participou o día 21 de abril en Cidade do Cabo nunha concentración convocada por xudeus e musulmáns, na que pediu ó Goberno de Pretoria o Boicot a Israel. Á mesma asistiron dez mil persoas.

Kasrlis pertence ó African National Congress (ANC) de Nelson Mandela, é un ex guerrilleiro que pasou anos no cárcere, é branco e forma parte da sección branca e xudía da ANC que sempre loitou contra o réxime de segregación na Sudáfrica do apartheid. " Son xudeu pero xa que Israel quere falar en nome de tódolos xudeus do mundo, digo: non no meu nome", dixo Kasrlis xunto a un executivo xudeu en Cidade do Cabo, Max Ozinsky, o ano pasado cando lanzaron un chamamento contra as accións do goberno de Sharon.

Kasrlis dixo que é o momento de boicotear os produtos israelíes, de imponer sancións e de illar Israel. A ANC e seus aliados, o PC e o COSATU (sindicatos) pediron "accións fortes" contra Israel e en apoio dos palestinos máis o presidente Mbeki non chegou aínda a pedir sancións.

Ó peche do acto aprobouse unha resolución que esixe as seguintes medidas:

- A retirada das tropas israelíes dos Territorios palestinos.
- O procesamento de Ariel Sharon por xenocidio e crímenes de guerra, a través da Corte Internacional de Xustiza.
- O envío por parte de Nacións Unidas dunha forza internacional para a protección dos palestinos.
- A expulsión do embaixador de Israel de África do Sur, e a imposición de sancións a Israel.